

ANEXO IV
DATOS DOS/AS ALUMNOS/AS PARTICIPANTES

<i>NOME E APELIDOS</i>	<i>DNI</i>	<i>DATA DE NACEMENTO</i>	<i>NACIONALIDADE</i>	<i>PRESENTA MINUSVALÍAS SÍ/NÓN</i>	<i>FAMILIA PROFESIONAL</i>

<p>_____, de _____ de _____</p> <p>O/A DIRECTOR/A DO CENTRO</p> <p>Asdo.: _____</p>

Orde do 26 de decembro de 2007 pola que se resolve a convocatoria de premios á innovación educativa sobre a educación nos valores democráticos 2007.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Sanidade e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, pola Orde conxunta do 8 de xuño de 2007, convocaron os premios á innovación educativa sobre a educación nos valores democráticos 2007.

Cumprida a tramitación prevista na convocatoria de referencia, e de conformidade co disposto no seu artigo 10º, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Conceder os premios en innovación educativa sobre a educación en valores democráticos para o profesorado de centros de ensinanza non universitarios sostidos con fondos públicos para o ano 2007, ós traballos e cos importes que se relacionan no anexo a esta orde; e declarar desertos os premios por que se relacionan nel.

Segundo.-Esta orde entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Terceiro.-Contra esta orde se poderá interpor recurso de potestativo perante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 20/1992, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Relación de premiados e declarados desertos

Educación para a cidadanía e os dereitos humanos (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Premio	Importe	Título	Coordinador/a
1º premio	2.000 €	Eu son eu e a miña memoria	Elena Gómez Galkina
2º premio	1.500 €	Xogamos a ser alcaldes e alcaldesas	Olga Rodríguez Vicente

Educación para a convivencia e a cultura de paz (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Premio	Importe	Título	Coordinador/a
1º premio	2.000 €	Deserto	
2º premio	1.500 €	Deserto	

Educación para a interculturalidade (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Premio	Importe	Título	Coordinador/a
1º premio	2.000 €	Multiculturalidade: buscando un lugar na educación	Esther Mato Méndez
2º premio	1.500 €	Deserto	

Educación para a Igualdade (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar)

Premio	Importe	Título	Coordinador/a
1º premio	2.000 €	Mulleres compositoras....	Rocío Chao Fernández
2º premio	1.500 €	Deserto	

Educación viaria (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes)

Premio	Importe	Título	Coordinador/a
1º premio	2.000 €	Deserto	
2º premio	1.500 €	Deserto	

Educación para o consumo responsable (Consellería de Innovación e Industria)

Premio	Importe	Título	Coordinador/a
1º premio	2.000 €	Afectividade, orientación, xogo e consumo responsable	Esther Mato Méndez
2º premio	1.500 €	Deserto	

Educación para a saúde e a calidade de vida (Consellería de Sanidade)

Premio	Importe	Título	Coordinador/a
1º premio	2.000 €	Saúde Laredo	Abraham Domínguez Cufiña
2º premio	1.500 €	Deserto	

Educación para a sustentabilidade (Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible)

Premio	Importe	Título	Coordinador/a
1º premio	2.000 €	As cociñas solares	Paz Freire Campo
2º premio	1.500€	Traballando a corresponsabilidade	Mª Carmen Cid Manzano

Educación para o lecer (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar)

Premio	Importe	Título	Coordinador/a
1º premio	2.000 €	Deserto	
2º premio	1.500€	Deserto	

Educación para a cooperación entre os pobos (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)

Premio	Importe	Título	Coordinador/a
1º premio	2.000 €	Deserto	
2º premio	1.500€	Deserto	

Resolución do 12 de decembro de 2007, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se autoriza o programa de garantía social de auxiliar de floraría no centro privado Nosa Señora do Chamorro de Narón (A Coruña).

En virtude da Orde do 5 de maio de 1997 (DOG do 29 de maio) pola que se regulan os programas de garantía social na Comunidade Autónoma de Galicia,

esta dirección xeral, por proposta da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais,

RESOLVE:

Autorizar o programa de garantía social de auxiliar de floraría no centro privado de educación especial Nosa Señora do Chamorro de Narón, código do centro 15006596, para o curso escolar 2007/2008.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2007.

María José Pérez Mariño
Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Resolución do 11 de decembro de 2007 pola que se modifica a do 30 de outubro (Diario Oficial de Galicia do 7 de novembro), pola que se adxudican as axudas para proxectos de investigación básica do ano 2007, correspondentes ao Programa de promoción xeral de investigación do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite), convocadas no anexo II da Orde do 20 de abril de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 98, do 23 de maio).

Pola Orde do 20 de abril de 2007 (DOG do 23 de maio) establécense as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións correspondentes ao Programa xeral de investigación do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite) e procédese á súa convocatoria para o ano 2007. Pola Resolución do 30 de outubro de 2007 (DOG do 7 de novembro) adxudicáronse as mencionadas axudas.

Téndose producido erros na distribución por anualidades dos importes das solicitudes financiadas, que non afectan o importe total financiado nin a anualidade correspondente a 2007, e vista a proposta de resolución formulada polo director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Modificar a distribución do importe das anualidades correspondentes a 2008, 2009 e 2010 das axudas concedidas na Resolución do 30 de outubro de 2007, para a realización de proxectos de investigación básica, aos proxectos que se indican no anexo desta resolución.

Os proxectos incluídos no anexo están cofinanciados nun 75% con fondos Feder e nun 25% con FCI na anualidade correspondente ao ano 2007.